DOCUMENTO TÉCNICO

(Galego)



MATERIALS FOR TEACHING PHYSICAL EDUCATION IN ENGLISH FOR ESO 2 STUDENTS

(Materiais para o ensino da Educación Física en inglés para 2º ESO)

María del Carmen García Fernández

Manuel Mato Landeira

Requisitos:

Para a execución destas Unidades Didácticas unicamente é necesario un ordenador cun navegador web como Mozilla Firefox, Google Crome ou Internet Explorer (foi nos tres navegadores onde testamos o correcto funcionamento das Unidades. Neste último hai que permitir a execución de scripts e controis ActiveX). Para poder visualizar algún dos recursos será necesario ter habilitado o engadido de Flash. O sistema operativo que se use é indiferente.

Ter unha boa conexión a Internet será importante para poder ver con fluidez o abundante material multimedia presente nas diferentes Unidades Didácticas.

Tamén será necesario para executar algunhas actividades como “speaking in pairs, listen and repeat, record your voice, ...” dispoñer de dispositivos de entrada e saída de audio (recomendable dispoñer de cascos e micrófono).

Instalación e posta en marcha

As Unidades Didácticas están realizadas utilizando eXeLearning (versión 2.3.1) que é unha ferramenta de código aberto que facilita a creación de contidos educativos sen necesidade de ser un experto. A flexibilidade de eXeLearning fai que tanto reproducir os seus contidos en local como na web sexa un proceso sinxelo. Permite a exportación a HTML, HTML5, SCORM1.2, IMS ou outros formatos e publicar na Rede, Moodle (na aula virtual do teu centro), etc.

Aqui tes un enlace ao titorial de eXeLearning (Versión 2.1 porque a día de hoxe aínda non está dispoñible o manual da versión 2.3. Non atoparás moitas diferenzas entre as dúas versións) Neste manual atoparás información sobre a instalación nos diferentes sistemas operativos (GNU Linux, Windows e MacOS), entorno de traballo, etc. Tamén atoparemos información de como compartir os contidos.

Os autores destas Unidades Didácticas tamén as facilitamos exportadas en HTML como arquivo comprimido. Os pasos para poder ver os contidos serían:

1. Descomprimimos o ficheiro .zip da Unidade a un cartafol.
2. Mediante o explorador de arquivos do noso ordenador imos ao cartafol creado e facemos dobre clic no arquivo “index.html”.
3. Abrirase o navegador web por defecto do noso equipo e mostrará os contidos.

Deste xeito tamén poderemos visualizar e traballar as Unidades Didácticas utilizando dispositivos Android (tablets ou smartphones) para os que aínda non está dispoñible eXeLearning.